

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

2900 Orde INT/156/2021, do 23 de febreiro, pola que se modifica o anexo VII do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

A Directiva (UE) 2020/612 da Comisión, do 4 de maio de 2020, pola que se modifica a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o permiso de condución, modifica os requisitos aplicables ás motocicletas que se utilizan na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos para obter o permiso de condución da clase A-2.

A modificación que recolle a directiva permitirá que as citadas motocicletas se adapten ao progreso técnico, en particular, ao desenvolvemento dos motores de combustión e os chasis e ao uso máis xeneralizado de motocicletas eléctricas. A adaptación das especificacións técnicas das motocicletas de exame da clase A-2 tamén debe garantir que os aspirantes se examinen con vehículos representativos da categoría para a cal se expedirá o permiso de condución.

Mediante a presente orde modifícase o anexo VII, sobre vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos, do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, para incorporar parcialmente ao ordenamento xurídico nacional a Directiva (UE) 2020/612 da Comisión, do 4 de maio de 2020 (artigo 1 e segundo parágrafo do anexo).

Por outra parte, esta directiva permite que os Estados membros amplíen as clases de permiso de condución en que non se indicará ningunha restrición aos vehículos con cambio automático cando o aspirante xa sexa titular dun permiso de condución obtido cun vehículo de cambio de velocidades manual, ao menos, nunha das clases de permiso que indica. Esta posibilidade non se recolle na presente orde porque xa se incorporou no Regulamento xeral de condutores, mediante a súa modificación polo Real decreto 971/2020, do 10 de novembro.

En canto ao seu contido e tramitación, esta orde observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos como principios de boa regulación polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, polo que se refire á súa necesidade e eficacia, esta modificación normativa é a única que se pode levar a cabo para traspor ao dereito interno a Directiva (UE) 2020/612 da Comisión, do 4 de maio de 2020.

Respecto á proporcionalidade, esta orde contén a regulación imprescindible para alcanzar o obxectivo proposto. En canto á seguridade xurídica, a reforma proposta é coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, e xera un marco normativo que facilita a actuación e toma de decisións dos aspirantes para obter un permiso de condución da clase A-2 e dos centros de formación de condutores.

En aplicación do principio de transparencia, a presente norma someteuse ao trámite de audiencia e información pública. Por último, respéctase o principio de eficiencia xa que a reforma non impón cargas administrativas e non afecta a xestión dos recursos públicos.

Sobre a orde emitiu informe o Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable, de acordo co establecido no artigo 8.5.d) do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro.

Esta norma dítase de acordo coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 818/2009, do 8 de maio, que faculta o ministro do Interior para modificar mediante orde os seus anexos.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

O segundo parágrafo do número 4 da letra B) «Requisitos específicos» do anexo VII «Vehículos que se utilizarán nas probas de control de aptitudes e comportamentos» do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, queda redactado nos seguintes termos:

«Se están propulsadas por un motor de combustión interna, deberán ter unha cilindrada non inferior a 250 cm³, unha potencia neta non inferior a 20 kW nin superior a 35 kW e unha relación potencia/peso non superior a 0,2 kW/kg.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito comunitario.*

Mediante esta orde incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva (UE) 2020/612 da Comisión, do 4 de maio de 2020, pola que se modifica a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o permiso de condución (artigo 1 e segundo parágrafo do anexo).

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de febreiro de 2021.—O ministro do Interior, Fernando Grande-Marlaska Gómez.